



Concello de
OURENSE

OFICIALIA MAIOR
Praza Maior Nº1
32005 - Ourense

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 23 de abril de 2026, adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO:

33.- Convocatoria de axudas en especie para libros, material escolar e comedores escolares para o curso 2026/2027. Expediente 2026015785.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes, acordou:

1.- Aprobar a convocatoria para a concesión de axudas en especie do Concello de Ourense para libros de texto, material escolar e comedor escolar correspondentes ao curso 2026-2027, segundo as bases reguladoras que rexen a convocatoria, nos seguintes termos:

- Aprobar o gasto para axudas de libros de texto e material escolar, ata un importe máximo de vinte cinco mil euros (25.000 €) para o ano 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 260.2311.22690 do orzamento municipal vixente co RC núm. 202600007178.

- Aprobar o gasto para axudas para comedores escolares ata un importe máximo de noventa mil euros (90.000,00€) para o ano 2026 con cargo á aplicación orzamentaria 260.2313.22642 do orzamento municipal vixente co RC núm. 202600007179.

- Aprobar o gasto para axudas para comedores escolares ata un importe máximo de douscentos dez mil euros (210.000,00€) para o ano 2027, con cargo á aplicación orzamentaria 260.2313.22642 do orzamento municipal "exercicios futuros" co RC a futuros núm. 202600007180.

2.- Remitirille á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) un extracto da convocatoria para a súa publicación no BOP de Ourense, co contido indicado no documento 10 do expediente de referencia co código CSV: 4Z86MI81PU1465J4.

Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, se pode interpoñer alternativamente recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación, de conformidade co disposto no artigo 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso- administrativo, ante a sección contencioso administrativa do Tribunal de Instancia de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo elo sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se estime procedente.

Ourense, na data da sinatura electrónica.
A CONCELLEIRA-SECRETARIA,

Tamara Silva Cid





Concello de
OURENSE

